

# MANUAL DE USO

## O INICIO.

O primeiro que atopas cando accedes Ende é o **Inicio**. Nel preséntase e descríbese o proxecto mediante un video.




Ilustración 1: vista do Inicio

Debaixo téis a ficha técnica, autoría e licenza deste proxecto. Tamén podes descargar o arquivo fonte premando en **Descargar ficheiro .elp.** para editalo.

Información xeral sobre este recurso educativo

Título	DICIONARIO DE TERMOS ARTISTICOS
Descrición	Diccionario dixital, ilustrado, galego e interactivo de termos artísticos
Autoría	María Villarino López e Fernando Díaz Mirón
Licenza	 Creative Commons BY-SA 4.0

Este recurso ten licenza [CC BY-SA](#). Pódese utilizar, descargar, modificar e adaptar sin ningún problema, **sempre que se recoñeza a autoría do mesmo** e, no caso de modificalo e publicar unha nova versión, **se licencie coa mesma licenza CC BY-SA**

A continuación ofrecemos o arquivo fonte (recurso orixinal) modificable con [eXeLearning](#), ferramenta de autor gratuita e disponible en calqueira sistema operativo.

[Descargar ficheiro .elp](#)

As ilustracións incorporadas neste diccionario foron realizadas por María Villarino López. As fotografías de exemplo foron realizadas por Fernando Díaz Mirón.

Podes usalas baixo licenza Creative Commons baixo atribución.



Ilustración 2: Autoría, licenza e descarga de arquivo fonte

## BARRA ACCESIBILIDADE BATEXEGO

Durante toda a navegación atoparás una **barra de accesibilidade** para adecuación de tamaños de fontes e axuda de lectura. Esta barra pode plegarse nun botón.




Ilustración 3: barra de accesibilidade desactivada



Ilustración 4: barra de accesibilidade activa

## LICENZA E DESCARGA DE IMAXES

Este diccionario ilustrado ten licenza Creative Commons do tipo CC BY-SA o que quere dicir que podes descargar e empregar todo o seu contido sempre e cando referencias a autoría do mesmo.

Para descargar calquera imaxe deste proxecto debes seguir os seguintes pasos:

1. Situate sobre a imaxe que desexas gardar.




Ilustración 5: vista de imaxe


2. Prema o botón dereito sobre ela. Abrirase un cadro de diálogo.



ntura que representa un bodegón (CC BY-SA)

Ilustración 6: cadro de diálogo

3. Prema en **Guardar imaxe como...** e elixe unha ubicación do arquivo no teu equipo.



María Villarino. Pintura que representa un bodegón (CC BY-SA)

Ilustración 7: Ventá para descarga dunha imaxe


## OS TERMOS ARTÍSTICOS

Na opción **A-B** do menú accedes ao grupo dos termos artísticos comprendidos entre Ábsida e Bodegón.



Ilustración 8: A-B

Cando accedes á páxina despreganse no menú principal cada un dos termos para a súa consulta. Todos eles teñen a mesma estrutura:

- **Ilustración:** O termo preséntase por medio dun debuxo de María Villarino do elemento artístico. Se premas sobre él ábrese unha lapela. Podes ampliar a imaxe na icona  .







Ilustración 9: vista da ilustración nun termo artístico

Ilustración 10: vista da ilustración nun termo artístico

- **Definición:** Definición do termo artístico ligado con outros deles do dicionario. As definicións acompañanse dunha lectura facilitada en formato audio e un apoio visual que se activan nos iconos  



Apoio visual



Fernando Díaz (CC BY-SA)

Ilustración 11: reprodutor de lectura facilitada

Ilustración 12: iconos de apoio visual.

- **Explicación:** Neste apartado complétase a información acerca do concepto apoiado en, polo menos, catro imaxes fotográficas, debuxos, videos ou imaxes animadas. As que están referenciadas no texto, aparecen debaixo como **Imaxe 1, Imaxe 2 ou Imaxe 3**. Todas elas ampliáanse e poden descargarse.

Todas as ilustracións e fotografías acompañanse dun título explicativo e dunha ficha técnica da obra referida, así como a súa licenza. Dita ficha ten a estrutura:

Apelidos, Nome de autoría, ano ou século e estilo, título, [técnica] e lugar onde está.

Cando a data é aproximada o ano ou século precédesse do acrónimo latino “ca.” (*circa*) e se algún dos datos non son coñecidos, omítense.

O resto de agrupamentos alfabéticos de termos (C-D, E-N, P-Z) funciona do mesmo xeito.

## ANGUEIRAS

As Angueiras son as actividades propostas de avaliación. Divídense en:

- **Probos:** están deseñadas como Test SCORM, o que permite a súa inserción en aulas virtuais Moodle. Hai 4 probas por contidos secuenciados en tres parciais e un global. Dita secuenciación pode consultarse no Glosario (ver apartado Estoxo) e está realizada a partires dos contidos do 2º curso de Bacharelato da materia de Historia da Arte (ver Guía Didáctica en Documentos).

As preguntas poden ser de Verdadeiro/Falso ou de elección de varias opcións, e poden presentarse cunha imaxe de axuda.

Para rematar a proba, prema en **Enviar as Respostas** na derradeira pregunta da proba.


Todalas probas requiren dun mínimo do 50% de respostas correctas para aprobar.

6. Cal dos seguintes elementos NON están presentes neste edificio de orde corintia?



Fernando Díaz (CC BY-SA)

- Folias de acanto
- Volutas
- Métopas
- Arquitrabe



Fernando Díaz (CC BY-SA)

- Piar
- Columna
- Pilastra

ENVIAR AS RESPONSTAS

Ilustración 13: : exemplo de pregunta dunha proba      Ilustración 14: botón Enviar as Respostas dunha proba

- **Adiviñas:** as adiviñas son xogos plantexados a partir de 4 pistas e que se puntúan segundo as que necesites para acertar. No comezo no xogo ves unha frase, e catro lámpadas. No cadro de texto de abaixo podes tentar resolver. Para obter unha pista prema en **Amosar unha pista**.



Ilustración 15: Vista da pantalla de xogo Adiviña

Escrebe no cadro de texto, prema no check verde e tenta resolver o desafío. O xogo xera unha puntuación parcial e final.



Ilustración 16: cadro de texto de resolución da adiviña

- **Desafíos:** son situacións de aprendizaxe propostas nun curso académico relacionadas coa aplicación na aula deste recurso (ver Guía Didáctica).



Ilustración 17: vista dun Desafío

- **Enquisa:** Aquí podes avaliar o proxecto Ende, cubrindo as preguntas do formulario que atopas no enlace.

## ESTOXO

O estoxo é unha páxina onde atopas dous elementos principais:

- **Glosario:** é un documento pdf que recolle a definición dos 74 termos que ten este dicionario categorizados en cores por parciais. Os parciais propostos na Guía Didáctica están baseadas no currículo e práctica docente da materia de Historia da Arte de 2º Bacharelato.

## GLOSARIO

PRIMEIRO TRIMESTRE ■ SEGUNDO TRIMESTRE ■ TERCERO TRIMESTRE ■

Ábsida: capela ou conxunto de capelas na cabeceira dun templo. Xeralmente é de planta semicircular aínda que tamén pode ser poligonal. Normalmente está cuberta por

Ilustración 18: vista das categorías por cores no Glosario

- **CadrosMudos:** os cadros mudos son ilustracións de esquemas de conceptos artísticos listos para imprimir e cubrir os ocos que faltan. Para descargar un cadromudo debes situarte sobre a imaxe e premar sobre ela. Entón ábrese o documento en pdf listo para Gardar ou Imprimir.




Ilustración 19: vista dos CadrosMudos para a súa descarga

## AFAGOS E DOCUMENTOS

Esta sección do dicionario Ende contén:

- **Afagos** ás persoas que o fixeron posible e os documentos principais do mesmo como:
- **Guía didáctica (pdf):** xustificación, desenvolvemento e exposición do proxecto Ende e a súa contextualización no marco educativo.
- **Manual de Instalación (pdf):** Documento de instalación e execución en diferentes entornos dixitais así como parámetros de configuración dos arquivos.
- **Fontes consultadas:** listaxe de fontes bibliográficas e webgrafía na redacción de contidos.